

A.N.P.A. COLEXIO "JORGE JUAN"

PERLÍO - FENE



Estimadas familias,

Dende o ANPA do Colexio Jorge Juan Perlío dirixímonos a vós para lembraros que o próximo 23 de maio de 2023 terá lugar a Asemblea Xeral Ordinaria. Nesta importante reunión trataranse diversos temas de interese para a comunidade educativa, polo que a vosa presenza é fundamental para o bo funcionamento do centro.

Ademais, animámosvos a que aqueles que estean interesados en formar parte da directiva do ANPA se unan a ela. A directiva é un órgano fundamental na toma de decisións do colexio, polo que a vosa participación é moi valiosa.

A Asemblea é a mellor maneira de coñecer a actividade do ANPA. Tamén é un bo momento para coñecer un pouco máis o centro.

Agardamos contar coa vosa asistencia e participación na Asemblea Xeral Ordinaria. Agradecemosvos a vosa colaboración e compromiso coa educación dos nosos fillos e fillas.

Atentamente,

ANPA Jorge Juan Perlío.

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Mediante a presente convócase a todas as familias do Colexio Jorge Juan de Perlío á Asemblea Xeral Ordinaria do ANPA que terá lugar no salón de actos do centro o martes 23 de maio de 2023 ás 16:15 horas en primeira convocatoria e ás 16:30 horas en segunda convocatoria, co fin de tratar os seguintes asuntos que figuran na ORDE DO DÍA:

1. Presentación e aprobación das contas.
2. Renovación da Xunta Directiva, se procede.
3. Asuntos varios, rogos e preguntas.

Esta reunión é moi importante para a comunidade educativa, polo que agardamos contar coa vosa asistencia. Nela, poderedes coñecer a actividade do ANPA e os plans de futuro para o colexio. Tamén teredes a oportunidade de participar na toma de decisións e de facer preguntas ou suxerencias.

En Fene, ao 6 de maio de 2023.

Atentamente,

A Presidenta

Sonia Fernández Veiga

A Secretaria

María Torrente Rodríguez

ENQUÉSTA SOBRE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O PRÓXIMO CURSO 2023/2024

Queridas familias!

Estamos a planificar a volta das Actividades Extraescolares para o próximo curso, e queremos ofrecer actividades que sexan do voso interese.

Por iso, pensamos que o mellor é preguntaros directamente sobre aqueles contidos que máis vos gusten.

Para iso, creamos unha lista de posibles actividades para que poidades sinalar as que máis vos gusten, tanto a vós como aos vosos fillos.

Podedes pedir calquera actividade aínda que non apareza na lista.

Grazas a estas respostas poderemos axustar as actividades extraescolares ao gusto de todos. Recordar que debemos chegar a un mínimo de nenos por actividade para que esta poida ser realizada.

Podedes mandar as vosas respostas o e-mail ampajorge.perlio@gmail.com ou o WhatsApp do teléfono 616 26 30 15. Moitas grazas de antemán!

Actividade Extraescolar

- Baloncesto
- Xadrez
- Hóckey
- Tenis
- Zumba kids
- Ioga infantil
- Rugby
- Habilidades de loita
- Parkour
- Skate
- Informática
- Robótica
- Baile moderno
- Danza e movemento infantil
- Baile galego
- Patinaxe
- Béisbol
- Fútbol
- Voleibol
- Multideporte
- Inglés
- Francés
- Debuxo e pintura
- Manga
- Teatro